



A trata de seres humanos con fins de explotación sexual

Guía básica de consulta

XUNTA DE GALICIA

Autoría:

Secretaría Xeral de Igualdade

Edita:

**Xunta de Galicia. Consellería de Promoción
do Emprego e Igualdade**

Santiago de Compostela, 2022

Depósito Legal C 914-2022

OBSERVATORIO GALEGO
DA VIOLENCIA DE XÉNERO



A trata de seres humanos con fins de explotación sexual

Guía básica de consulta



XUNTA
DE GALICIA

Índice

- 4 Presentación**
- 6 Introducción e obxectivos da guía**
- 7 Contextualización da guía**
- 9 Que é a trata de seres humanos?**
 - 10 As confluencias da trata: a prostitución e a explotación sexual
 - 12 As diferenzas da trata e o tráfico
- 17 Que é o que promove e sustenta a trata con fins de explotación sexual?**
- 18 Cales son as consecuencias da trata con fins de explotación sexual?**
 - 19 Consecuencias biolóxicas
 - 19 Consecuencias psicolóxicas
 - 21 Consecuencias sociais
- 23 Como recoñecer se unha muller pode estar nunha situación de trata e/ou explotación sexual?**
 - 24 Indicios que debemos ter en conta
- 26 Pautas básicas de atención no primeiro contacto e identificación**
 - 28 Que podemos facer ante unha vítima de trata e como podemos axudala?
- 29 Dereitos das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual**
 - 33 Mención especial a vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual de persoas menores de idade

35	Recomendacións para profesionais na sensibilización, detección, atención e protección de vítimas da trata con fins de explotación sexual
35	Ámbito das forzas de seguridade
36	Ámbito xurídico
37	Ámbito sanitario
38	Ámbito social
40	Ámbito educativo
41	Ámbito dos medios de comunicación
44	Anexo I. Recursos de consulta
44	Protocolos e instrumentos legais
45	Guías, estudos e investigacións
45	Outras guías de recomendacións para o tratamento da trata nos medios de comunicación
46	Anexo II. A onde acudir?
46	Recursos da Administración pública en Galicia de atención a vítimas de trata con fins de explotación sexual
48	A rede galega contra a trata
49	Entidades sociais en Galicia de atención a vítimas de trata con fins de explotación sexual
50	Bibliografía

A trata de seres humanos é unha das vulneracións máis abominables dos dereitos humanos, por causa dela, a persoa pasa a converterse nunha mercadoría. A trata con fins de explotación sexual supón, ademais do anterior, unha manifestación execrable de violencia contra as mulleres.

En Galicia, a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, publicada no DOG n.º 152, do 7 de agosto de 2007, e modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo (publicada no DOG n.º 140 do 26 de xullo de 2016) recolle no seu título preliminar que se entende por violencia de xénero: calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres, que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.

A aprobación da Lei 12/2016, do 22 de xullo, modifica os artigos 3 e 39 desta lei para, por un lado, establecer como forma de violencia de xénero a definición de trata de mulleres e de nenas con fins de explotación sexual coherente coa do Código penal e coa dos documentos internacionais (artigo 3); e, por outro, para garantir a incorporación das vítimas desta forma de violencia de xénero como beneficiarias da axuda periódica, así como para establecer o prazo permanentemente aberto da súa solicitude (artigo 39).

Nesta liña, o VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 contén no capítulo 3, prevención e tratamento da violencia de xénero, dúas liñas estratéxicas: unha vinculada á sensibilización e prevención e outra relacionada coa intervención integral e coa coordinación institucional que recolle, entre os seus obxectivos específicos, o de «consolidar a atención integral e específica das mulleres e nenas vítimas da trata de seres humanos, fundamentalmente as que o son con fins de explotación sexual».

Ademais, tal e como establece o punto terceiro do artigo 41 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, a Xunta de Galicia loitará contra o tráfico de mulleres, nenas e nenos, que teña como finalidade fundamental a súa explotación sexual

no territorio galego, establecendo que esta loita deberá realizarse a través dunha intervención integral que permita a prevención, detección, atención e, se é o caso, integración das mulleres vítimas da trata con fins de explotación sexual.

As mulleres vítimas da trata son, polo tanto, outro dos colectivos que deben obter, por parte da Administración, unha resposta específica á súa situación de extrema vulnerabilidade, e o compromiso da Administración autonómica na loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual é firme, polo que tamén proseguirá o seu labor mediante o reforzamento dos mecanismos de información ás vítimas, da colaboración e coordinación institucional, e coa continuidade no apoio ás entidades e organizacións non gobernamentais que traballan neste ámbito da atención e protección ás vítimas.

Así, a disposición adicional sexta da Lei 11/2007 contén a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero (en diante, OBGVX) como órgano Colexiado institucional de Galicia, encargado do estudo, da avaliación e do seguimento das políticas contra a violencia de xénero que se desenvolven en Galicia, desenvolvido polo Decreto 157/2012, do 5 de xullo, publicado no DOG n.º 142 do 26 de xullo de 2012. Neste decreto dispónse que para o exercicio das súas funcións, o OBGVX pode crear comisións de traballo, despois da aprobación por parte da maioría das persoas que conforman o Pleno, coa fin de elaborar os informes técnicos que se consideren oportunos.

No Pleno do OBGVX que tivo lugar o 18 de decembro do 2019 aprobouse a constitución do **Grupo de traballo 4: Pautas para a prevención e o tratamento das distintas formas de violencia sexual** e, no marco do cal, se desenvolveron diversos traballos, entre os que está o deseño, redacción e validación desta Guía sobre a trata de seres humanos con fins de explotación sexual, elaborada en colaboración coa Rede Galega contra a Trata.

Introdución e obxectivos da guía

Esta guía xorde polo traballo común entre a Secretaría Xeral de Igualdade e a Rede Galega contra a Trata co obxectivo compartido de **dar visibilidade** a un tema tan oculto como é a trata con fins de explotación sexual, e para **dar ferramentas prácticas** para detectar e informar sobre os dereitos e recursos que existen para atención ás vítimas.

A motivación é clara: achegar á cidadanía galega a vulneración dos dereitos humanos que supón a trata e que, en concreto, no caso da trata con fins de explotación sexual, está recoñecida na nosa comunidade como un tipo de violencia de xénero dentro da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Por este motivo preséntase esta *Guía*, que dá resposta á necesidade de informar sobre que é e cales son as consecuencias da trata de seres humanos con fins de explotación sexual, incluíndo unha serie de orientacións básicas que poden axudar a detectar mulleres e/ou nenas que poidan estar vivindo situacións de explotación sexual, así como a saber como actuar desde o momento en que se perciben os primeiros indicios.

Ao longo desta guía básica sobre a trata con fins de explotación sexual abordaranse aspectos tan necesarios coma a súa definición e contextualización, dentro da actual realidade social cunha perspectiva transversal de xénero, aspectos xurídicos e sociais para a identificación e persecución do delito, aspectos do eido da saúde para valorar a gravidade das súas consecuencias e, por último, unha batería de recursos e recomendacións en distintos ámbitos profesionais para o trato con persoas posibles vítimas desta situación.

Esperamos que esta guía sexa unha ferramenta de consulta que contribúa á sensibilización, prevención e á erradicación da trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Contextualización da guía

A abordaxe e erradicación da trata de mulleres con fins de explotación sexual require a análise e intervención desde un enfoque de dereitos humanos e con perspectiva de xénero.

A desigualdade e discriminación de xénero é un problema de magnitude internacional que ten múltiples manifestacións, entre elas a da feminización da pobreza e das migracións internacionais; o desemprego e precarización laboral das mulleres; a división sexual do traballo; o desigual acceso aos recursos e beneficios sociais, políticos e económicos por parte das mulleres; a vulneración dos dereitos sexuais e reprodutivos; os feminicidios etc. A violencia de xénero ten moitas facianas e a trata de mulleres con fins de explotación sexual é unha das máis perversas, xa que aglutina moitas das manifestacións citadas e reduce as mulleres a mercadoría, atentando contra a súa dignidade e vulnerando múltiples dereitos.

Aínda que todas as mulleres sofren discriminación e violencia de xénero en diferentes formas e maneiras ao longo da súa vida, a súa incidencia é diferenciada segundo a súa situación:

Factores como a raza, a cor da pel, a idade, a etnicidade, o idioma, a ascendencia, a orientación sexual, a relixión, a clase socioeconómica, a cultura, a localización xeográfica e o status como migrante, indíxena, refuxiada, desprazada, nena ou persoa que vive co VIH/SIDA nunha zona de conflito ou ocupada por unha potencia estranxeira, que se combinan para determinar a posición social. (AWID; 2004)

Nas situacións de discriminación múltiple, o xénero crúzase, e interactúa, con estas outras identidades e factores, xerando situacións específicas de discriminación, vulnerabilidade e opresión, vinculadas á posición e experiencias das mulleres que as limitan aínda máis no seu acceso aos dereitos e recursos.

A violencia de xénero, como unha das causas e manifestacións máis directas e graves desta desigualdade de xénero, perpetúase sobre ese imaginario colectivo que normaliza e naturaliza o sexismo, a exclusión, a discriminación e as relacións de poder desiguais, outorgando maior poder e valoración aos homes -como grupo social- en detrimento das mulleres, en

todas as esferas e ámbitos. Actualmente, a discriminación cara ás mulleres segue sustentándose sobre dous piares fundamentais: a división sexual do traballo e o control da sexualidade feminina, materializándose en diversas formas de violencia de xénero, como a mutilación xenital feminina, os matrimonios forzados, os embarazos forzosos etc.

A Organización Internacional do Traballo (OIT) estima que no mundo existen máis de 21 millóns de vítimas de trata de persoas, incluídos 5,5 millóns de nenas, nenos e adolescentes a nivel mundial. A eses datos súmase que máis de 10 millóns de nenas, nenos e adolescentes son explotados sexualmente.

A Comisión Europea publica, desde 2015, informes sobre a trata de seres humanos en Europa nos que identifica patróns e retos chave para abordar a trata de seres humanos, proporciona unha análise de estatísticas, e describe os resultados das accións contra a trata levadas a cabo no marco da UE. Segundo os datos do III Informe da Comisión Europea sobre os avances na loita contra a trata de seres humanos (2017 e 2018), presentado o 20 de outubro de 2020:

- No 2017 e 2018 rexistráronse na UE un total de 14.145 vítimas de trata.
- Neste período, continúan sendo as mulleres e as nenas as principais vítimas rexistradas (72%).
- A explotación sexual segue sendo a finalidade máis común de trata (60% das vítimas rexistradas). O 92% das vítimas de trata con fins de explotación sexual rexistradas foron mulleres e nenas.

En España, segundo a Memoria da Fiscalía Xeral do Estado do ano 2019, a Unidade de Estranxeiría da Fiscalía Xeral incoou 624 dilixencias de seguimento do delito de trata de seres humanos con fins de explotación sexual entre os anos 2013 e 2018. Nesas dilixencias, identificáronse 1181 persoas, das cales o 99,4% eran mulleres e, delas, o 11% menores de idade.

Con relación a isto, debemos ter en conta que a Oficina das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito, sinala que por cada vítima da trata de persoas identificada en España existen 20 máis sen identificar, é dicir, só se detecta o 5% dos casos, o que pon de relevo a gravidade do tema.

E segundo os datos das entidades de apoio e intervención con vítimas de trata, en Galicia o número de casos supera, de longo, a barreira dos 2000.

Que é a trata de seres humanos?

A definición de trata de seres humanos aceptada internacionalmente cun amplo consenso e que ofrece a primeira noción clara de trata en dereito internacional é a que figura no denominado Protocolo de Palermo, Protocolo para prever, reprimir e sancionar a trata de persoas, especialmente de mulleres e menores, publicado no ano 2000, e que no seu artigo 3 recolle:

A «trata de seres humanos» nomea a captación, o transporte, o traslado, a acollida ou a recepción de persoas, recorrendo á ameaza ou ao uso da forza ou outras formas de coacción, ao rapto, á fraude, ao engano, ao abuso de poder ou dunha situación de vulnerabilidade ou á concesión ou recepción de pagamentos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra con fins de explotación. A explotación incluírá, como mínimo, a explotación sexual, o traballo ou os servizos forzados, a escravitude ou prácticas similares á escravitude, a servidume ou a extracción de órganos.

Seguindo o texto da definición deste Protocolo, extraemos os seguintes principios reitores para entender de que estamos a falar:

Principios reitores da trata de persoas

CONCEPTOS REITORES		MEDIOS (INCLÚE ALGÚN)
Captación		Ameaza ou uso da forza
Transporte		Outras formas de coacción
Traslado		Rapto
Acollida		Fraude
Recepción		Engano
	+	Abuso de poder
		Abuso dunha situación de vulnerabilidade
		Concesión ou recepción de pagamentos ou beneficios para obter o consentimento dunha persoa que teña autoridade sobre outra

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE UNODC (2009)

É dicir, na trata de seres humanos conflúen as **accións realizadas** (captación, transporte, traslado, acollida e recepción), cos **medios empregados** (ameazas, forza, engano, abuso de poder, pagamento ou remuneración a alguén que exerza un control previo sobre a vítima etc., e hai que destacar esta circunstancia do pagamento ou remuneración a unha terceira persoa, posto que este feito supón o auténtico reflexo do comercio de seres humanos), coas **circunstancias persoais da vítima** (situación de vulnerabilidade e/ou minoría de idade) e a **finalidade das accións** (como mínimo, a explotación sexual, traballos forzados, a escravitude, a servidume ou a extracción de órganos).

A trata de seres humanos, por tanto, presenta unhas características que supoñen unha violación dos dereitos humanos, xa que implican a anulación da vontade da persoa tratada e está considerada como unha «forma de escravitude moderna, a escravitude do século XXI».

■ As confluencias da trata: a prostitución e a explotación sexual

Podemos dicir que a trata sexual representa a organización necesaria para efectuar o **comercio de persoas co fin de prostituílas e/ou explotalas sexualmente** (pornografía, erotismo ou hipersexualización). Por tanto, a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual enténdese mellor como un proceso que como un acto illado, xa que este fenómeno é un ciclo que se inicia coa etapa de recrutamento, seguida polo transporte e as etapas de explotación/destino.

Debemos ter en conta a importancia de que o **consentimento da vítima é irrelevante** cando se incorre nos medios mencionados e o abuso de poder e/ou situación de vulnerabilidade se presenta en concorrencia, na maior parte dos casos, coa situación socio-económica de partida (feminización da pobreza) e de desigualdade de xénero. Nos casos de menores (nenas/os de menos de 18 anos) a constatación desta posición de vulnerabilidade é manifesta e incuestionable, polo que non se entran a valorar os medios.


Xustificar, por tanto, a prostitución ou a explotación sexual no presunto consentimento da vítima perpetúa a existencia dunha contorna social permisiva ante a trata e onde se continúa tolerando a desigualdade de xénero e a violencia contra as mulleres e menores.

Segundo as Nacións Unidas, a trata sexual de persoas estase convertendo na actividade criminal de maior crecemento no mundo, e este crecido interese explícase derivado e/ou en conxunción con outros fenómenos en auxe:

- o turismo sexual,
- o reforzamento das desigualdades de xénero patriarcais,
- o desenvolvemento dun capitalismo neoliberal salvaxe etc.

A isto engádese a indefinición e falta de claridade normativa por parte dos Estados á hora de legislar os contextos nos que ten lugar a trata sexual: a explotación sexual e a prostitución. Así, no caso resumido de España, o dereito penal non penaliza a prostitución e castiga a conduta de terceiros que explotan a prostitución allea (art. 187 do Código penal): o coñecido proxenetismo aínda que, *de facto*, se teña un posicionamento de absoluta tolerancia (Ropero e Ruiloba, 2012). Deste xeito, sendo a explotación sexual delito, a avultada existencia de locais-clubs repartidos pola nosa xeografía poñen de manifesto non só que se trata dun feito delituoso non perseguido, senón que se producen situacións normativas que están, por outro lado, amparando esta explotación sexual (a través de ordenanzas municipais e/ou determinadas regulamentacións autonómicas). A esta circunstancia únese a existencia dun imaxinario colectivo onde se desenvolve unha cultura sexual masculina determinada que reforza un tipo de masculinidade hexemónica que non cuestiona a relación asimétrica de xénero na prostitución.

Un continuum. A sobreposición dos contextos



FONTE: PÉREZ FREIRE (2013)

Así, os límites establecidos xuridicamente maniféstanse na realidade social como un *continuum* para as mulleres vítimas que transitan habitualmente en todos os contextos posibles (prostitución-explotación sexual-trata sexual), ao longo da súa traxectoria no comercio sexual (Defensor del Pueblo, 2012; Women's Link Worldwide, 2013; RECPT, 2015) e devólvenos ás cuestións clave que existen detrás destes fenómenos:

A lexitimidade da demanda e, por tanto, ao exercicio dun tipo de sexualidade masculina entendida como un dereito que coloca ás, principalmente, mulleres en situación de vulnerabilidade e pobreza no papel de vítima sacrificable para o seu cumprimento. (Casado e Pérez, 2015)

■ As diferenzas da trata e o tráfico

O tráfico de persoas é un feito ligado á infracción das leis migratorias dun país, posto que consiste en facilitar a entrada ilegal dunha persoa nun Estado do cal esa persoa non sexa nacional ou residente permanente, co fin de obter, directa ou indirectamente, un beneficio financeiro ou outro beneficio de orde material. É, por tanto, o feito de proporcionar os medios, mecanismos e/ou instrumentos para que unha persoa poida acceder irregularmente a outro país a cambio, maioritariamente, dunha remuneración económica que satisfai a persoa traficada. E aínda cando as condicións nas que poida levarse a cabo ese tráfico poidan ser precarias, lamentables e moi onerosas para a persoa traficada, non necesariamente supón unha vulneración dos dereitos humanos.

A trata, polo contrario, tal e como vimos na súa definición, contén outras características que si supoñen unha flagrante violación dos dereitos humanos, xa que implican a anulación da vontade da persoa tratada, a través de medios como a ameaza, o uso da forza ou outras formas de coacción, o rapto, a fraude, o engano, o abuso de poder, etc. Non chega, por tanto, con que teña lugar a captación, transporte ou traslado dunha persoa, senón que é imprescindible que concorra algunha desas accións antes sinaladas.

Con todo, é moi común a confusión entre tráfico ilícito de inmigrantes e trata de persoas, xa sexa en conversas informais, en medios de comunicación e mesmo en foros especializados. Esta confusión débese, en primeiro termo, a unha mala tradución dos termos do inglés ao castelán, sendo

trafficking (trata) traducido por tráfico, cuxo termo en inglés é *smuggling* e, en segundo termo, porque na práctica é difícil recoñecer se estamos ante un caso de tráfico ilícito de migrantes ou de trata de persoas derivado da súa confluencia e áreas de coincidencia. Así, é frecuente que as vítimas de trata poidan empezar como migrantes obxecto de tráfico ilícito e, ao revés, tamén é posible.

Pero o tráfico e a trata son delitos de diferente natureza se atendemos ao ben xurídico protexido, que é quen sofre directamente a acción, é dicir, é sobre quen recaen todos os actos materiais utilizados na realización do delito, é o titular do dereito danado ou posto en perigo. O ben xurídico protexido na trata é a vítima, porque se están violando os seus dereitos humanos; en cambio, no tráfico o ben xurídico protexido é o Estado, porque se está violando a súa soberanía (están a infrinxirse as súas leis migratorias).

Ademais, de acordo coas definicións dos protocolos que os regulan, podemos identificar 4 elementos importantes que diferencian o tráfico da trata de persoas: transnacionalidade, consentimento, explotación (obxectivo e fonte de beneficios) e intervención organizada (UNODC, 2009).

1. **Transnacionalidade.** O tráfico ilícito é sempre transnacional, é dicir, implica sempre atravesar fronteiras de xeito ilegal, mentres que a trata pode non selo. Esta pode ter lugar independentemente de se as vítimas son trasladadas a outro Estado ou só desprazadas dun lugar a outro dentro do mesmo Estado. A trata non require atravesar ilegalmente fronteiras. As vítimas de trata son, na súa maioría, inmigrantes, pero poden ser nacionais.
2. **Consentimento.** No tráfico ilícito de migrantes, que adoita realizarse en condicións perigosas ou degradantes, as persoas migrantes habitualmente consenten en todo o proceso dese tráfico. O consentimento nas vítimas de trata, ou ben nunca se produciu, ou se o fixeron nun principio, perde a súa validez polos medios indebidos empregados para iso. É dicir, normalmente baseado no engano e/ou abuso e/ou coacción das persoas tratantes. É, por tanto, igualmente irrelevante un consentimento onde se incorre en calquera dos medios mencionados, aínda que é particularmente difícil detectar estas situacións se a vítima non o pon en coñecemento. Este aspecto é un dos máis relevantes na definición, investigación e persecución da trata. Isto é

o que ocorre en moitas ocasións cando a unha muller se lle ofrece exercer a prostitución nun lugar determinado, se organiza e establece un pagamento polas xestións e viaxe cara ao emprazamento onde terá lugar a súa explotación sexual (unha persoa intermediaria regula e lúcrase directamente desta actividade) e se producen cambios nas condicións pactadas orixinariamente (incremento da débeda establecida, beneficios integramente para a persoa intermediaria nun tempo determinado, falta de elección en como exercer esta actividade, inexistencia de liberdade de movementos, requisición do pasaporte, etc.) que provocan que a muller se vexa obrigada a consentir esta situación ante a vulnerabilidade á que se ve sometida polas circunstancias nas que se atopa (illamento, descoñecemento dos seus dereitos, situación irregular no país de acollida, cargas familiares, non falar a lingua do lugar de recepción etc.).

3. **Explotación: obxectivo e fonte de beneficios.** O obxectivo final do tráfico ilícito é, para a persoa inmigrante, a entrada ilegal nun país e, para a persoa ou entidade traficante, o beneficio económico que lle reporta esa actividade na fronteira. O proceso de tráfico termina coa chegada das persoas migrantes ao seu destino. No caso da trata, a explotación persiste nas vítimas para xerar ganancias ilegais para as persoas tratantes (o delito é tendencial, non ten que producirse efectivamente esta explotación para establecerse a comisión daquel, tense que demostrar a intención de levalo a cabo).
4. **Intervención organizada:** O delito de trata pode ser cometido por unha ou varias persoas, organizacións e intermediarias, e pode darse o caso de que estean relacionadas entre si, e incluso conformen un grupo delituoso organizado, ou pode que non medie entre elas ningunha relación, nin previa nin posterior. Para que haxa un delito de trata non é necesaria a participación dun grupo delituoso organizado.

A continuación amosamos un cadro resumo das características que distinguen a trata de seres humanos do tráfico ilícito de persoas migrantes:

TRATA DE SERES HUMANOS	TRÁFICO ILÍCITO DE MIGRANTES
BEN XURÍDICO PROTEXIDO	
É a vítima. A trata de seres humanos atenta contra os dereitos fundamentais e a dignidade da persoa.	É o Estado. Estase violando a súa soberanía e o seu dereito ao control dos fluxos migratorios.
TRANSNACIONALIDADE	
Non é necesaria. A trata non require atravesar ilegalmente fronteiras, abonda con que as vítimas sexan trasladadas dun lugar a outro dentro dun mesmo país. As vítimas de trata son na súa maioría inmigrantes, pero poden ser nacionais.	Si é necesaria. O tráfico, por definición, implica o transporte transnacional, co conseguente paso ilícito de fronteiras. As vítimas son estranxeiras sen autorización para entraren no territorio nacional.
CONSENTIMENTO	
Non hai consentimento das vítimas, ou é inválido por obterse mediante manipulación, enganos ou coacción.	Si hai consentimento. A pesar das condicións perigosas ou degradantes, as persoas migrantes habitualmente consenten en todo o proceso dese tráfico.
EXPLOTACIÓN COMO OBXECTIVO	
Si é necesaria. A trata caracterízase sobre todo porque a finalidade é a explotación continuada da vítima no lugar de destino.	Non é necesaria. O obxectivo é a entrada no país de destino, e unha vez cruzadas as fronteiras remata a relación entre traficante e migrante.
EXPLOTACIÓN COMO FONTE DE BENEFICIOS	
Si é necesaria. A principal fonte de beneficios económicos procede da explotación das vítimas no lugar de destino.	Non é necesaria. O beneficio económico provén do que reporta o traslado de persoas cruzando fronteiras.
PARTICIPACIÓN DUN GRUPO DELITUOSO ORGANIZADO	
Para que haxa un delito de trata non é necesaria a participación dun grupo delituoso organizado.	Non é necesaria.

Como elementos diferenciais, por outra parte, cómpre destacar que, no caso da trata:

- o diñeiro para o traslado non é un factor importante senón o someter a persoa a unha débeda económica que a force a ser explotada. O beneficio económico está asociado á explotación.
- A relación entre a persoa/entidade tratante e a vítima é moito máis prolongada, xeralmente mantense na explotación. Poden volver ser «obxecto de trata» ou «revendidas» (revitimización noutro país, lugar ou por parte doutra persoa/entidade explotadora: retrata).
- As súas vítimas son fundamentalmente mulleres e nenas.
- O maior risco de vida ou grave dano físico e psicolóxico prodúcese durante o proceso de explotación.

Que é o que promove e sustenta a trata con fins de explotación sexual?

É preciso comprender que a trata con fins de explotación sexual é un problema estrutural e sociocultural que, como tal, atinxe a toda a sociedade desde os nosos roles de xénero, posto que as vítimas da trata con fins de explotación sexual son vítimas dun **sistema** patriarcal que alimenta a violencia contra as mulleres, e este problema non se soluciona unicamente a través de medidas policiais e xudiciais.

Os **homes**, principalmente, teñen o poder de cuestionar a súa participación neste sistema de violencia normalizada no que se considera que a satisfacción sexual individual dos homes é un dereito e o corpo das mulleres unha mercadoría. Segundo datos do Informe palestra: La prostitución, do Congreso dos Deputados (2007), o 99,7% da demanda de prostitución está conformada por homes de diversos perfís e de todas as idades, niveis socioeconómicos, formación, profesións, estado civil, orixe, etnia, relixión etc. sen distincións. E España é un dos países con maior volume de consumo de prostitución, segundo datos do Centro de Investigaciones Sociológicas (2009), un 32% dos homes afirma ter pagado por prostitución polo menos unha vez na súa vida.

A **tolerancia social** respecto á trata tamén resulta alarmante, xa que as mulleres nesta situación son frecuentemente deshumanizadas pola súa condición de migrantes, vulnerables economicamente ou outros condicionantes.

Cales son as consecuencias da trata con fins de explotación sexual?

Identificamos a trata con fins de explotación sexual como unha das manifestacións máis cruentas da violencia de xénero, polo que as súas consecuencias serán tamén valoradas como das máis devastadoras para o ámbito persoal e da saúde.

Estas repercusións afectan directamente a percepción da identidade da muller e o seu Ser, tanto a nivel persoal coma familiar.

Sabemos que miles de persoas son vítimas deste delito en España diariamente, porén esta é unha cifra que só aparece nas estatísticas e das que apenas existen denuncias nin identificacións, nin a vítima é informada e/ou asistida, polo que na maioría dos casos non se valida a súa dor nin se repara o seu dano.

A clasificación das consecuencias que se recolle a continuación responde aos anos de experiencia que teñen na intervención con mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual as persoas que traballan nas entidades que forman parte da Rede Galega contra a Trata, e na recollida dos seus relatos. Son as propias historias de vida das mulleres as que achegan estes coñecementos.

Consecuencias bio-psico-sociais



■ Consecuencias biolóxicas

«(...) necesito descansar, comer caliente y dormir. Aquí sólo comes un plato al día porque has de elegir qué hacer en el rato libre, o comes o duermes.»

«Se enfadan mucho los dueños cuando decimos que no queremos entrar con ese hombre que huele tan mal, o con aquel otro que trata de engañarte y quitarse el condón(...) al final del día tuve que entrar con él porque no había venido ningún otro cliente y había que pagar el alquiler.»

- As alteracións nos ritmos do sono e da alimentación mantidos no tempo causan graves trastornos para a saúde. Algúns deles son: problemas gástricos, dores de cabeza, dores musculares e malestar xeral diario.
- A obriga de realizar prácticas de risco e manter relacións sexuais sen protección expón a muller a unha situación gravemente vulnerable fronte ao contaxio de infeccións e enfermidades de transmisión sexual e/ou embarazos non desexados.
- Prácticas abortivas de risco sen control médico e con graves consecuencias xinecolóxicas e vitais para a muller.
- Obriga de consumo de substancias tóxicas e nocivas para a saúde.

■ Consecuencias psicolóxicas

«Aquí no eres nadie, tienes muchos nombres y vidas diferentes pero ninguna que le importe a nadie(...)hay días que dudo hasta de quién soy y quiero pensar en volver a ser la de antes pero no sé cómo hacerlo.»

«(...) hay días que crees que el dinero que ganas para tus hijos y tu familia compensa el sufrimiento, e incluso puedes llegar a pensar que puedes acostumbrarte a estar aquí y dedicarte a esto, esos días hablas y sales a la calle y de afuera parece que eres una más, una persona normal, pero de repente te das cuenta que no sabes andar como las demás, que tienes que volver y que el dinero que entra es maldito porque desaparece y todo se vuelve oscuro. Tienes miedo, pero lo ocultas para sobrevivir.»

- **Deterioración da autoestima** por causa das humillacións, vexacións e desprezos sexistas, racistas e accións violentas verbais e/ou físicas. Á hora de autovalorarse, a muller reafirma unha percepción negativa de si mesma, provocando limitacións nas súas habilidades comunicativas e de toma de decisións. Afanse a conviviren consigo mesmas e o seu malestar como a única opción posible de vida.
- **Desconfianza e medo xeral.** A carencia de vínculos afectivos e relacións íntimas saudables con grupos de iguais e a vivencia de moitas situacións de abuso e engano, son as principais causas deste sentimento.
- **Sentimento de desconfianza cara aos demais** que provoca nelas un comportamento defensivo para sobrevivir (non sabendo pedir axuda ou ben pedíndoa de forma inadecuada), e tamén de desconfianza de si mesmas polas vivencias de fracaso nas relacións intentadas de parella, laborais, amizades etc.
- **Ansiedade e depresión.** As mulleres están sometidas a un ambiente de estrés permanente provocado polo control ao que se ven sometidas e a sensación continua de indefensión. Esta situación provoca nelas unha incapacidade para realizaren proxectos de vida saudable nesas circunstancias de vida, que na maioría dos casos desencadea en crises de ansiedade, tristeza profunda, irritabilidade, cambios de comportamento e dificultade para concentrárense.
- **Adicións ou dependencias.** A gran vulnerabilidade da súa situación aumenta as probabilidades de caeren na adicción ou dependencia dalgunha substancia tóxica e/ou farmacolóxica para tratar de superar ou evadirse da súa realidade.
- **Trastorno por estrés post traumático.**
- **Problemas graves na saúde mental,** unha das consecuencias da exposición prolongada a múltiples factores de estrés traumático ao longo do tempo é o denominado **trauma complexo**, que ocasiona graves problemas psicolóxicos como a desregulación afectiva, somática e disociativa, así como grave deterioración psicosocial. A súa sintomatoloxía inclúe os signos habituais de «trastorno por estrés postraumático» –memorias traumáticas intrusivas recorrentes, evitación de estímulos traumáticos-reminiscentes, adormecemento emocional e maior estado de alerta/reactividade–, pero as súas manifestacións clínicas son máis graves e van máis aló das desta síndrome, sobre todo cando as vítimas de trata son nenas, e están en proceso de

desenvolvemento: alteracións da conciencia, alteracións na autopercepción, alteracións na personalidade.

- **Consecuencias psicolóxicas derivadas do chamado duelo migratorio.** A maioría das mulleres en contextos de trata son migrantes que foron enganadas cun proxecto migratorio que non se cumpre. O sentimento de fracaso no proxecto migratorio provoca vergoña e illamento ante a súa contorna familiar por teren sido enganadas. Á vez, a contorna familiar pode ser consciente do contexto da trata, incluso pode ser que a contorna (as propias familias) sexa coñecedora e «impulsora» da realidade á que van conducidas as mulleres nos procesos migratorios, pero non teñen alternativa (pola situación de precariedade e necesidade nos seus países de orixe), isto provoca que as mulleres se sintan traizoadas polas persoas de referencia, coas consecuencias que isto ten en termos de sistemas de auge e vinculación, activando procesos de trauma e abandono.
- **Outros síntomas que se poden observar son perda de memoria, impulso suicida, manifestación de comportamentos agresivos e falta de vontade para interactuar con outras persoas, así como sensación de desesperanza e medo, incluso brotes psicóticos, etc.**

■ Consecuencias sociais

«(...) sientes que la gente te mira distinto, te mira mal. Algunos te miran con aire de superioridad y las mujeres te señalan y desprecian porque eres con las que su marido se está gastando el dinero (...) yo tengo más vergüenza que ellas y aunque quieres explicar que no eres mala, es un sentimiento que te señala y está ahí.»

«Cuando consigues levantarte a buena hora quieres ir a hacer cosas para buscar salida, o ir al médico o a pedir una ayuda, pero tu buena hora no es la de los demás. Yo misma a veces me puse borde queriendo que me atendieran pero es que si no ¿qué hacía? Aquí me esperasteis y ahora aprender un nuevo horario y llegar a tiempo es mi objetivo.»

- **Estigmatización.** As mulleres están consideradas dentro dunha situación de marxinalidade que, ben as vitimiza e limita nas súas capaci-

dades, ben as sinala coma prostitutas co significado pexorativo que a nosa sociedade, dende a súa dobre moral, mostra. Calquera das dúas etiquetas provoca na muller unha falta de expectativas e diminúe as posibilidades de cambio para o seu benestar.

- **Illamento e perda do ritmo social normalizado.** Estes síntomas veñen causados, por un lado, polos diferentes cambios de localización das mulleres, que lles impide establecer raíces sociais e, incluso, coñecer a localidade onde están situadas; por outro lado, pola distribución do horario día-noite, contrario aos horarios habituais de vida e, por último, pola sensación de que son alleas á sociedade, e que se algo lles ocorre preocupa ou doe, non lle interesará a ninguén.
- **Problemas para a estabilidade familiar.** A vulnerabilidade da muller reflíctese na familia xerando un ambiente de inestabilidade que desencadea en problemas de organización familiar con dificultades de comportamento das crianzas, altos niveis de ansiedade infantís, abandono prematuro do sistema escolar en España ou no país de orixe e, en xeral, grandes dificultades na estabilidade de vínculos afectivos.
- **Desestruturación persoal e a dificultade para realizar actividades instrumentais da vida diaria** como sería organizarse e acudir aos dispositivos sociais de axuda e seguir os plans e citas propostas, atender as citas de saúde, planificar a vida cotiá a curto, medio e longo prazo, planificar a vida familiar, xerar e manter redes de apoio etc.

Como recoñecer se unha muller pode estar nunha situación de trata e/ou explotación sexual?

A trata é un fenómeno complexo e pouco accesible polo que non é doado recoñecer unha muller que estea a ser vítima, xa que en moitas ocasións a situación de abuso que está a sufrir (illamento, coacción, intimidación...) enmascara a súa realidade.

Esa violencia que se exerce contra as mulleres en situación de trata é moi variada e existen tantos casos como persoas: pode ser máis sutil, atendendo a un tipo de violencia psicolóxica, cultural e/ou económica; ou ben a un tipo de violencia máis física e explícita, pero **vai sempre orientada a reter a muller nunha situación vulnerable para poder explotala**. Así, a violencia física e retención á forza son claras formas de abuso, pero existe tamén coacción a través de técnicas como o vodú, moi efectivo á hora de manter o compromiso de mulleres subsaharianas que prometeron saldar a súa débeda e obedecer, para así poder soste as súas familias ou construír un futuro; ou poden darse ameazas contra a integridade da muller, contra a integridade das/os fillas/os (xa estean no seu lugar de orixe, coas súas nais, ou retidos polas redes de trata, xa que ás veces os pais son os propios tratantes e forman parte da estratexia de captación e coacción) ou contra a da súa familia (o cal repercute nas mulleres vítimas de trata ao sentírense incapaces de protexer os seus seres queridos e culpables polas posibles consecuencias asasinato, –violencia sexual etc.– se denuncian ou incumpren as normas das redes).

Outras técnicas de manipulación son a retención da documentación, a falta de confianza e o medo á policía que podería emitir ordes de expulsión; o temor á xustiza, que podería poñer en perigo a muller e os seus seres queridos en caso de denuncia; o illamento, o non coñecer a ninguén que sirva de apoio nin coñecer o idioma do lugar onde se está; as falsas informacións proporcionadas polos proxenetas etc. Por iso, as mulleres en situación de trata son cambiadas de lugar de explotación con asiduidade para evitar o establecemento de relacións de confianza ou amizade con ningunha persoa.

Ademais, é moi frecuente que unha muller ou nena non se recoñeza como vítima de trata (os motivos entendémolos a través dos puntos anteriores de contextualización e definición) e/ou, mesmo se esforza por mantelo oculto (por vergoña, por medo á súa integridade física ou á da súa familia, por desconfianza etc.), polo que non recoñecen que alguén está atentando contra os seus dereitos.

A identificación e a detección da trata son dous aspectos diferenciados. Cando falamos de identificación, falamos da acción que os corpos e forzas de seguridade e os organismos gobernamentais capacitados para iso poden facer e certificar esta situación da muller. Cando falamos de detección, falamos daqueles indicios que nos pode mostrar unha muller nun momento determinado sobre a súa situación e circunstancias vitais que, se ben non nos serven para confirmar que estea a sufrir este delito, si que nos poden servir para alertar e poñer a nosa atención sobre as diferentes e posibles situacións de violencia, explotación sexual e/ou trata con fins de explotación sexual.

■ Indicios que debemos ter en conta

- Situación de vulnerabilidade no seu país de orixe: familiar, laboral, educativa, conflitos bélicos...
- Carencia ou falta de acceso á súa documentación de identidade.
- Ausencia ou escaseza de diñeiro relacionada coa súa débeda de viaxe para chegar a España.
- Illamento social, incapacidade para comunicarse libremente con amizades e familiares... moitas veces, para saír do club, piso ou local onde está, a muller vai acompañada.
- Control alleo en moitos ámbitos da súa vida (nos seus cartos, vivenda, transporte, uso do móbil...).
- Descoñecemento das rúas ou lugares de información e dereitos, aínda que leven xa tempo vivindo nesa localidade.
- Descoñecemento do idioma ou dificultades á hora de comunicarse.
- Precariedade na súa alimentación e saúde.
- Comportamentos e respostas automatizadas, desconfianza xeneralizada, temor a falar de certos aspectos da súa vida, expresar forte preocupación polo benestar da súa familia, pero non profundar máis no tema...

- Alta mobilidade entre cidades ou pisos dentro das cidades.
- Relatos incompletos ou saltos temporais no relato da viaxe migratoria (que motivou a súa viaxe, como foi o traxecto ou rutas de acceso a Europa, que redes tiña no país de destino, cal era o seu proxecto migratorio etc.). Ou ben relatos idénticos entre compatriotas.

Pautas básicas de atención no primeiro contacto e identificación

Con frecuencia, os indicios que poden axudar a detectar vítimas de trata poden observarse no contacto con algunha muller ou nena no marco dunha atención sanitaria, escolar, asesoramento legal, social..., sen que a situación de explotación sexual sexa o obxectivo da entrevista, así como sen que a persoa atendida se identifique como vítima dunha situación de trata con fins de explotación sexual, ou de calquera outro delito. Isto pode levar a que profesionais de recursos non deseñados para a atención a vítimas de trata poidan entrar en contacto con esta realidade, polo que é fundamental que conte con pautas, que sumadas aos indicios sinalados, lle permitan realizar a identificación e dar unha boa resposta ás súas necesidades e dereitos.

Identificados os primeiros indicios, no primeiro contacto que teña calquera profesional cunha posible vítima de trata, como aspectos básicos a abordar estarían a **atención ás necesidades urxentes de saúde e benestar** da posible vítima (atención médica, alimentación, medicación, descanso...) e a realización dunha **avaliación dos riscos** que existen nese momento para a seguridade da muller (se mostra preocupación por ela ou os seus familiares, identifica individuos que poidan danala ou lugares que non son seguros para ela). Recoméndase poñer esta situación en coñecemento dun axente especializado na atención a vítimas de trata desde o primeiro momento.

Unha vez cubertos estes aspectos, neste primeiro achegamento haberá que ter en conta algunhas pautas básicas na atención:

- Durante a intervención, debemos manter, ante todo, unha **mirada transcultural**, incorporando elementos que axuden na abordaxe ou explicación dos seus dereitos, en función da súa cultura de orixe e, por tanto, das crenzas e experiencias acerca da violencia, da migración, da relixión, dos gobernos, etc., sobre todo no caso das mulleres. Algunhas mulleres proveñen de países onde os Estados non son garantes de dereitos sociais e protección e, por tanto, o marco de dereitos europeos que acostumamos manexar os e as profesionais, non son conceptos que teñan integrados para entender e aceptar o alcance da protección que se lles brinda como vítimas, isto require unha abordaxe e

un proceso temporal que permita á muller aceptar e integrar esta nova realidade. Así mesmo, poden ter vivido experiencias adversas con forzas e corpos de seguridade dos seus Estados, o cal dificulta enormemente a confianza á hora de denunciar ou acudir a calquera servizo, dispositivo ou axente de axuda a vítimas.

- Durante a intervención, debemos ter en conta o **dobro papel que xogan as redes e persoas tratantes** en moitos casos, como tratantes e como «apoio». Para moitas mulleres, nun primeiro momento, as redes supoñen o vínculo coñecido no novo contexto «son as persoas que me trouxeron do meu país onde a miña situación era mala e me abriron as portas a Europa». Por tanto, é habitual que teñan dificultades para identificalos como delincuentes ou agresores/as. En algúns casos, incluso son os seus propios familiares.
- Evitar en todo momento mensaxes e xuízos que poidan apartar a vítima dos servizos ao seu favor.
- Favorecer a comunicación mediante un espazo comfortable, seguro e con privacidade que faciliten que a muller, aínda que sexa de forma velada, dea algunha información ou mostre algún indicio sobre a súa experiencia traumática.
- No caso de ser unha muller estranxeira, ter en conta se precisa dalgún servizo de tradución.
- Evitar realizar comentarios baseados en mitos e prexuízos, por iso é fundamental que o persoal profesional teña formación e estea sensibilizado sobre o fenómeno da trata con fins de explotación sexual.
- Evitar que os seus propios sentimentos e opinións interfiran no relato. Non se deben amosar reaccións negativas nin escepticismo, nin sequera cando algunhas das informacións recibidas resulten ilóxicas ou causen rexeitamento.
- Deixar documentado o relato que realiza a vítima (para, na medida do posible, evitar que teña que revivir as situacións traumáticas máis veces das necesarias).
- Durante a intervención, a vítima pode solicitar información. É fundamental que se lle responda de maneira comprensible, e incluso que se lle entregue por escrito esa información, identificando a persoa que llo entrega, o servizo ao que pertence e a data, de modo que a muller poida en calquera momento situarse e recoñecer os recursos dispoñibles.

- Deixar documentada a súa intervención profesional, a valoración que fan dentro das súas competencias e a derivación que realizan.

Se ao longo da intervención a muller atendida chega a expresar que sofre ou sufriu unha situación de explotación sexual ou se observan claros indicios de que é posible, o seguinte paso é a derivación da muller a unha entidade que poida levar a cabo a entrevista de identificación completa. No *Anexo II* desta guía achégase unha lista de recursos especializados.

■ **Que podemos facer ante unha vítima de trata e como podemos axudala?**

- Alertar e buscar axuda especializada.
- Comprender que a súa organización do tempo e horarios son distintos, debido ás súas circunstancias de vida excepcionais.
- Centrar a comunicación nunha relación de confianza.
- Fortalecer as capacidades persoais de superación e de posibilidade de pedir axuda.
- Ofrecer escoita e apoio emocional.
- Evitar dar consellos baseados en crenzas persoais. Mellor sempre buscar información e asesoramento especializado.
- Tratar de mostrarlles posibilidade de relacións persoais positivas e baseadas en hábitos de benestar.
- Informarnos ben dos recursos que existen na nosa comunidade para poder ofrecer axuda (ver **Anexo I**. Recursos de consulta).

Dereitos das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual

Un dos aspectos de vital importancia na atención ás vítimas de trata de seres humanos é prestar unha información clara, coherente e comprensible dos dereitos que a asisten como vítima, dereitos que se estenden desde o principio do proceso, mesmo antes de realizar a denuncia, ata o momento en que xa teñen o recoñecemento de vítima e finalizou o proceso xudicial, sen esquecer das mulleres tamén vítimas de trata de seres humanos que non chegan a denunciar.

Podemos identificar como transmisores desta información, tanto a corpos policiais ou xudiciais na fase de denuncia e proceso xudicial, como aos axentes profesionais implicados no tratamento e atención á vítima, entidades ou organizacións de atención a vítimas (ONG, Asociacións etc.), servizos sociais, profesionais do ámbito sanitario etc. Estes axentes deben asegurarse de que a vítima entende ou comprende o que supoñen os dereitos que lle asisten e, para iso, cobra especial relevancia tanto o idioma no que transmiten como a forma en que se transmiten.

Na presente guía recolleemos os dereitos das vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual desde unha perspectiva cronolóxica, é dicir, que dereitos asisten ás vítimas de trata desde o instante mesmo en que é detectada ou identificada, pasando polo proceso de denuncia da súa situación de explotación ata o termo de todo o proceso.

Ao ser a trata de seres humanos con fins de explotación sexual un fenómeno eminentemente transnacional e que afecta na súa inmensa maioría a mulleres de nacionalidade estranxeira (máis do 90% das mulleres tratadas), sonlles inherentes, como a calquera outra persoa estranxeira, os dereitos recollidos na Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social. Neste sentido, **no momento en que a vítima é detectada e/ou identificada**, poderíamos destacar os seguintes dereitos, como vítima de violencia de xénero:

- **Dereito á información.** En sentido amplo, o dereito á información engloba, pola súa vez, os seguintes dereitos:

- o tipo de servizos ou organizacións aos que pode dirixirse para obter apoio;
 - o tipo de apoio que pode recibir;
 - o lugar e o modo en que pode presentar unha denuncia;
 - as actuacións subsecuentes á denuncia e o seu papel nestas;
 - o modo e as condicións en que pode obter protección;
 - a medida e as condicións en que pode acceder a asesoramento xurídico, asistencia xurídica gratuíta ou calquera outro tipo de asesoramento.
- **Dereito a asistencia e apoio** dende o momento mesmo en que se teñan indicios razoables de que pode ser obxecto de trata. Este dereito non debe estar supeditado á vontade desta de cooperar na investigación penal, a instrución ou o xuízo, e supón acceder de modo gratuíto e confidencial a servizos de apoio ás vítimas (ONG ou asociacións) que actúen en interese destas antes do proceso penal, durante este e durante un período de tempo adecuado despois da súa conclusión.
 - **Dereito a documentación:** dereito/deber de conservar a documentación que acredite a súa identidade, expedida polas autoridades competentes do país de orixe ou de procedencia, así como a que acredite a súa situación en España. Dentro deste dereito tamén se inclúe o dereito a non seren privadas da súa documentación.
 - **Dereito á asistencia sanitaria.** O Real decreto lei 7/2018, do 27 de xuño, sobre o acceso universal ao Sistema Nacional de Saúde reconece o dereito á protección da saúde e á atención sanitaria á poboación estranxeira non rexistrada nin autorizada a residir en España.
 - **Dereito á asistencia xurídica gratuíta.** Nos procesos nos que sexan parte, calquera que sexa a xurisdición na que se sigan, nas mesmas condicións que a cidadanía española. O que supón o nomeamento dun/ha avogado/a da quenda de oficio que a represente en todos os procesos nos que poida ser parte, así como na declaración prestada tanto en sede policial como xudicial. Este dereito tamén abrangue a exención de taxas polos devanditos procedementos.
 - **Dereito á asistencia dunha persoa intérprete e tradutora.** Se non comprende ou fala a lingua oficial. Dereito básico de vital importancia para a comprensión por parte da vítima do resto de dereitos.
 - **Dereito ao retorno voluntario** ao seu país de procedencia, tanto no caso de vítimas estranxeiras comunitarias ou extracomunitarias que se atopen en situación regular, ou non, no noso país.

- **Dereito a solicitar asilo** e a recibir información sobre as posibilidades de obter protección internacional, e non pode ser expulsada a un país no que corra risco de morte ou risco de sufrir torturas ou outros tratos, ou penas, inhumanos ou degradantes.

Unha vez que a muller vítima de trata pasou polo necesario proceso previo de apoderamento, proceso tutelado normalmente por actuacións de organizacións sen ánimo de lucro dedicadas á atención das vítimas, e é identificada como vítima polas forzas e corpos de seguridade do Estado, actívanse os dereitos correspondentes ao seu *status* de vítima. Estes dereitos atópanse recollidos en normas como a Lei de axuizamento criminal, a Lei de protección de testemuñas, a Lei de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a Lei do estatuto da vítima de delito e a Lei de estranxeiría. Así, os dereitos comprendidos na fase que poderíamos denominar como «fase de denuncia» son os seguintes:

- **Dereito a mostrarse parte no proceso.** Dereito que comprende presentarse en persoa, ser escoitada e que se teña en conta a súa opinión en todas as etapas do proceso (na forma prevista na Lei de axuizamento criminal), a reparación do dano e a indemnización do prexuízo causado, e a posibilidade de solicitar a adopción polo órgano xudicial de medidas cautelares tales como a prohibición de achegamento ou comunicación da persoa tratante con esa vítima ou a súa familia.
- **Dereito ao «anonimato» ou á protección dos seus datos persoais (testemuña protexida).** Dereito a que non consten nas dilixencias que se practiquen o seu nome, apelidos, domicilio, lugar de traballo e profesión, nin calquera outro dato que puidese servir para a identificación destes. Para a adopción deste dereito por parte da autoridade xudicial, leva a cabo unha valoración do risco ou necesidade de protección da vítima, podendo beneficiarse de medidas especiais durante o proceso penal polo feito de ser especialmente vulnerable á vitimización secundaria ou reiterada, á intimidación e ás represalias. Este dereito tamén comprende o dereito a comparecer para prestar declaración perante a autoridade xudicial (proba anticipada) utilizando calquera procedemento que imposibilite a súa identificación visual normal.

- Cando o tratante sexa cónxuxe, excónxuxe, parella ou exparella da vítima, os dereitos contidos na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (incluídas as medidas civís con relación á custodia ou patria potestade dos/as fillos/as menores de idade comúns).
- **Dereito a recibir asistencia xurídica gratuíta e á exención do pagamento de taxas**, sen necesidade de que acrediten insuficiencia de recursos para litigar, e **dereito á asistencia dunha persoa intérprete**.
- **Dereito a un período de restablecemento e reflexión**. Dereito de especial incidencia no suposto de vítimas de orixe estranxeira. Supón a concesión por parte das oficinas de estranxeiros, por petición das autoridades policiais, dun período cunha duración de, polo menos, trinta días durante o cal se lle facilitará a recuperación física, psicolóxica e emocional á vítima, así como a separación da influencia das presuntas persoas/entidades tratantes, de maneira que poida tomar unha decisión meditada e sopesada de colaborar ou non coas autoridades na investigación e persecución das persoas/entidades autoras do delito.
- **Dereito a obter unha autorización de residencia e traballo por circunstancias excepcionais**, como consecuencia da colaboración coas autoridades policiais e xudiciais ou en atención á súa situación persoal. Leva á autorización a vítima para residir e traballar legalmente en España durante o período de 5 anos, autorización extensible aos membros da súa familia directa (fillos/as menores de idade).
- **Dereito ao retorno voluntario** ao seu país de procedencia, tanto no caso de vítimas estranxeiras comunitarias ou extracomunitarias que se atopen en situación regular ou non no noso país.
- **Dereito á asistencia sanitaria**. Entendido este dereito como acceso á denominada carteira común básica que comprende prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación que se realice en centros sanitarios ou sociosanitarios, así como o transporte sanitario urxente.
- **Dereito á indemnización e reparación do dano** existente para as vítimas de delitos dolosos violentos.
- **Dereito a recursos sociais e axudas públicas**.

■ **Mención especial a vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual de persoas menores de idade**

Especialmente preocupante resulta a tendencia ascendente de trata de seres humanos con fins de explotación sexual en que as vítimas son menores de idade. Segundo o último informe publicado en xaneiro de 2020 pola Oficina das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito (UNODC), case un terzo das vítimas de trata de seres humanos son nenos e nenas, na maioría sen acompañamento.

Debemos sinalar, sobre este tema, que o consentimento para as relacións sexuais en persoas menores de idade só se pode ter en conta a partir dos 16 anos, pero no caso das vítimas de trata e explotación sexual, como se comentou nos puntos anteriores, o consentimento é irrelevante.

Neste ámbito de dereitos das vítimas, como en toda actuación con persoas menores de idade, prevalece o interese superior da/o nena/o. Tanto na lexislación internacional como na nacional establécense os seguintes dereitos exclusivos para vítimas de trata de seres humanos menores de idade, ademais dos xerais que operan en calquera vítima de trata de seres humanos:

- O interese da persoa menor de idade debe ser obxecto dunha avaliación individual. Prevalecerá unha formulación adaptada á condición de menor de idade, que teña en conta a idade, o seu grao de madurez e a súa opinión, do mesmo xeito que as súas necesidades e inquietudes.
- Dereito a recibir asistencia e apoio adecuados ás súas circunstancias específicas.
- Os interrogatorios das vítimas que sexan menores de idade deben realizarse sen demoras inxustificadas. A persoa menor de idade que sexa vítima dun delito de trata ten dereito a que o seu interrogatorio, en caso de ser necesario, sexa realizado en locais designados ou adaptados para ese efecto.
- As vítimas que sexan menores de idade serán interrogadas sempre polas mesmas persoas, na medida do posible, e só cando sexa estritamente necesario para as investigacións e as actuacións xudiciais.
- As audiencias penais nas que participen vítimas que sexan menores de idade deben ter lugar a porta pechada, e sen a presenza directa da vítima menor de idade se esta pode ser escoitada doutra maneira utilizando medios de comunicación adecuados (como gravacións en vídeo, por exemplo).

- Se a vítima é unha persoa menor de idade nacional dun terceiro país que non está acompañada por unha persoa da familia ou un/ha titor/a, só poderá ser expulsada despois de ter en conta o interese superior da persoa menor de idade.

Debemos sinalar que, ante calquera sospeita ou constatación de situacións que poidan dar lugar ao risco ou desamparo de nenos, nenas ou adolescentes, esta debe ser notificada:

- Dende o eido profesional a través do RUMI, Rexistro Unificado de Maltrato Infantil, instrumento que está implementado nos sistemas policial, educativo, sanitario e servizos sociais.
- Por calquera outra persoa a través do teléfono da infancia 116111.

Recomendacións para profesionais na sensibilización, detección, atención e protección de vítimas da trata con fins de explotación sexual

■ Ámbito das forzas de seguridade

1. Recoméndase o incremento da formación especializada en materia de vítimas de trata con fins de explotación sexual ao Corpo Nacional de Policía que, segundo a Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, é a autoridade competente para a identificación das vítimas da trata de persoas.
2. No momento en que se coñeza a existencia dunha suposta vítima de trata con fins de explotación sexual, recoméndase ás forzas de seguridade poñelo en coñecemento do Ministerio Fiscal de forma inmediata (e preferentemente por medios electrónicos), incluso antes da realización do atestado policial.
3. Ante a existencia dunha suposta vítima de trata con fins de explotación sexual, recoméndase ter en conta os dereitos da vítima e as medidas de protección, asegurando a ausencia de persoas próximas aos presuntos tratantes xunto á vítima e ofrecendo asistencia médica e social, así como apoio xurídico.
4. Para a identificación das vítimas de trata con fins de explotación sexual, recoméndase a avaliación de diversos elementos (ver o punto de indicios que debemos ter en conta e as pautas básicas de atención), facilitando un ambiente axeitado segundo a idade e circunstancias da vítima para a obtención da información.
5. En todo o proceso de identificación de vítimas de trata con fins de explotación sexual, e moi especialmente na entrevista, recoméndase a colaboración de entidades con experiencia acreditada na asistencia a vítimas para poder avaliar os diferentes elementos que conflúen neste delito e valorar aspectos relacionados co estado de saúde da suposta vítima e da súa situación social.
6. É imprescindible adoptar as medidas necesarias para unha correcta entrevista no caso de supostas vítimas de trata con fins de explotación sexual, como facilitar un ambiente seguro, evitando o contacto cos

presuntos tratantes ou persoas relacionadas cos presuntos tratantes e favorecendo que sexa unha entrevista reservada, confidencial e comprensible para a suposta vítima, facilitándolla nun idioma comprensible para ela ou prestándolle asistencia de intérprete en caso necesario.

■ **Ámbito xurídico**

1. Recoméndase o incremento da formación especializada en materia de vítimas de trata con fins de explotación sexual ás e aos axentes de intervención xurídica, especialmente en materia de detección e protección, dada a complexidade do tema e os múltiples factores que impiden a determinación dunha vítima de trata con fins de explotación sexual: confusión no tipo de delito, presunción de consentimento por parte da vítima...
2. Ter en conta que algúns dos indicios que permiten a detección e identificación de vítimas de trata están vinculados a unha infracción en materia de estranxeiría, o que facilita a incoación dun expediente sancionador e a expulsión do país da vítima identificada. Por tanto, recoméndase a integración de medidas para previr e sancionar a trata de persoas, como o previsto pola Lei orgánica 2/2009, do 11 de decembro, que recolle no seu artigo 59 bis (reformado polas leis orgánicas 10/2011, do 27 de xullo, e 8/2015, do 22 de xullo), a posibilidade de que no proceso de identificación das vítimas se realice unha proposta de concesión dun período de restablecemento e reflexión e, durante o cal non se incoará expediente sancionador por infracción do artigo 53.1.a) e, en caso de que se incoase algún expediente administrativo sancionador, deberá suspenderse, incluída a execución da expulsión ou devolución acordadas nese expediente.
3. Recoméndase rexeitar, no marco da asistencia xurídica, as declaracións a cegas, polas propias características da trata con fins de explotación sexual e as consecuencias psicolóxicas que deixa nas vítimas, o que impediría a protección dos intereses das persoas identificadas como supostas vítimas de trata con fins de explotación sexual.
4. Recoméndase a intervención con carácter expreso da asistencia letrada desde o inicio de calquera procedemento de identificación e protección de supostas vítimas de trata con fins de explotación sexual.

5. Para a defensa dunha suposta vítima de trata con fins de explotación sexual nun procedemento penal, recoméndase solicitar un recoñecemento por parte do persoal médico forense, que conteña non só as lesións e secuelas físicas, que poida presentar a vítima, senón tamén a súa situación psicolóxica e social (rede de apoio, situación habitacional, recursos propios etc.), acreditando tanto a natureza como a entidade das lesións e secuelas, con transcendencia tanto no propio procedemento como na posterior reparación económica do dano producido.
6. Con respecto á posta a disposición da vítima dunha persoa intérprete, tanto en sede de estranxeiría como no procedemento xudicial, recoméndase que non sexa unha persoa próxima ou coñecida da vítima para evitar o risco de que esa persoa estea relacionada co propio proceso de trata. E, igualmente, recoméndase que esta figura non realice os labores de interpretación á vítima e, ao mesmo tempo, ás persoas postas en disposición xudicial en condición de tratante, co fin de evitar posibles empatías distorsionadoras das respectivas declaracións.
7. Recoméndase reunir ou achegar todos os informes médicos, psicolóxicos ou sociais que poidan evidenciar o maltrato físico e/ou psíquico sufrido pola persoa incorrida no procedemento xudicial.
8. Para unha maior efectividade na protección das vítimas de trata con fins de explotación sexual, recoméndase analizar de forma constante o risco que supón a declaración das vítimas, avaliando a necesidade ou non de adoptar medidas inmediatas para a protección da familia e amizades da vítima (incluso valorando estas medidas no país de orixe da vítima, de tránsito ou de destino) e se procede a aplicación do estatuto de testemuña protexida.

■ **Ámbito sanitario**

1. Recomendamos a sensibilización e formación das e dos profesionais do ámbito sanitario en temas relacionados coa trata de seres humanos con fins de explotación sexual porque, aínda que xa se comentou con anterioridade na presente guía, nos parece importante recalcar que, a pesar de que a trata de persoas con fins de explotación sexual é un delito moi grave, a actitude das vítimas non evidencia necesariamente a súa situación e incluso, na maioría dos casos elas mesmas non

se identifican como vítimas debido a que poden estar sometidas a ameazas ou a outros factores como o descoñecemento da contorna na que están, a desconfianza nas autoridades, a incapacidade para comunicárense por descoñecemento do idioma ou, incluso, por asumiren que son responsables da súa situación de explotación por ter tomado a decisión no seu momento de emprender un proxecto migratorio.

2. Recoméndase desprenderse de estereotipos sobre as vítimas de trata con fins de explotación sexual, como o pensamento de que só as mulleres estranxeiras poden ser vítimas ou, no caso de mulleres migrantes, non consideralas vítimas por ter tomado a decisión no seu momento de emprender un proxecto migratorio.
3. Recoméndase asegurar as condicións da contorna para a atención das vítimas, garantindo un ambiente seguro, rexeitando por razóns de seguridade a presenza de calquera persoa da contorna da vítima e na que exista suficiente intimidade, libre de posibles interrupcións e que permita unha total confidencialidade.
4. Recoméndase coñecer os recursos existente a nivel local, ben a través das persoas de traballo social ou ben utilizando os servizos das organizacións especializadas na atención a vítimas de trata que se atopen no territorio (consultar o anexo II desta guía).
5. Recoméndase nomear unha figura ou profesional de referencia para estes casos e especializado na materia para garantir a mellor intervención nestes casos.
6. Recoméndase actuar de forma profesional, e nunca se debe forzar a vítima nin ofrecerlle expectativas que non poidan cumprirse.

■ **Ámbito social**

1. Recoméndase incorporar o enfoque de xénero no ámbito da atención social. A correcta comprensión das diferenzas e desigualdades por razón de xénero e como as mesmas inflúen en todos os ámbitos das relacións sociais, económicas e de poder contemporáneas, é un aspecto fundamental para poder prestar un servizo de atención social especializado, de calidade e respectuoso coas vítimas de trata de seres humanos, atendendo tamén á súa articulación con outros eixos de desigualdade social (sexo, raza, clase).

2. Recoméndase prestar unha atención profesional centrada na detección. Nas entrevistas nos servizos sociais ou entidades, asociacións ou ONG, recoméndase prestar especial atención a sinais ou indicadores que permitan detectar calquera vítima potencial de trata de seres humanos. Para iso, recoméndase a oferta de formación específica nesta materia para os equipos profesionais deste ámbito.
3. Cando a vítima sexa unha persoa menor de idade ou se sospeite que pode sê-lo (poida acreditar ou non a súa minoría) recoméndase ter sempre en conta o interese superior da persoa menor de idade e o disposto na lexislación vixente, sempre en coordinación cos órganos competentes en materia de protección á infancia.
4. Recoméndase ter presente que todas as persoas que presenten indicios, ou sexan detectadas ou identificadas como vítimas de trata, deberán ser atendidas:
 - Estea a súa situación administrativa regulada ou non.
 - Manteñan ou non vinculación coa rede de explotación (procurarase a súa desconexión).
 - Continúen ou non exercendo a prostitución, a mendicidade ou outras formas de explotación.
5. Recoméndase prestar especial atención ás persoas da contorna inmediata das vítimas da trata, principalmente aos seus fillos ou fillas ou persoas independentes, recoñecidos como vítimas pola normativa internacional e estatal.
6. Recoméndase manter unha atención profesional centrada en establecer un vínculo de confianza: xerar un vínculo de confianza supón un cambio de paradigma na intervención social e fai referencia a un modelo de atención social centrado no bo trato, na resiliencia e na mirada apreciativa (respectuosa, cualificada, cálida e delicada), construíndo unha relación de axuda xenuína, bentratante, positiva, que vaia máis alá do problema e identifique e potencie as calidades e fortalezas das persoas. Esta relación ten a facultade de poder contribuír a cambiar os patróns de relación baseados na desconfianza, o rexeitamento e o medo, que constitúen o modo aprendido de relacionarse de persoas en situación de vulnerabilidade.
7. Recoméndase manter unha atención profesional centrada na autonomía e o respecto polas persoas vítimas de trata: a intervención deberá promover o protagonismo e a dirección intencional da muller sobre a

súa propia vida, axudándolle a comprender as opcións das que dispón, respectando as súas decisións e orientándoa no seu proxecto vital.

8. Recoméndase manter unha atención profesional integrada nun traballo en rede: o ámbito dos servizos sociais comunitarios é o nivel atencional máis próximo á vida das persoas, o de maior penetración na dinámica de vida comunitaria e, por iso, cun coñecemento máis directo da problemática das persoas e unha capacidade de conexión importantísima co resto de recursos da comunidade, nos seus distintos niveis. É fundamental, polas características das vítimas de trata e polo carácter do problema de trata que require deseñar unha intervención a medio-longo prazo, que desde este nivel de atención se articule, desde a fase de detección, un traballo en rede, interconectado con todos os dispositivos e axentes implicados, establecéndose circuítos e protocolos conxuntos de actuación e comunicación.

■ **Ámbito educativo**

1. Recoméndase traballar na aula a igualdade de xénero e, en concreto, unha das expresións máis extremas da desigualdade de xénero como é a violencia de xénero.
2. Recoméndase traballar na aula problemáticas sociais como a violencia de xénero, un dos problemas máis graves e complexos da nosa sociedade actual, convertendo os centros educativos en ferramentas para a sensibilización, prevención e detección temperá da violencia de xénero.
3. Recoméndase, tamén, traballar as relacións afectivas e sexuais e dar visibilidade ao problema da asociación da sexualidade coa violencia, que ten, entre as súas manifestacións, a da trata con fins de explotación sexual.
4. Recoméndase prestar unha atención especial ao nivel de risco e aos factores de vulnerabilidade que afectan a poboación escolar, en particular, nenas e mozas adolescentes que sofren factores de vulnerabilidade que fan que desemboquen no sistema prostitucional e nos matrimonios forzados:
 - Nenas e adolescentes que sofren violencia, abuso ou abandono, ou ben proceden dun contexto familiar ou social desestruturado.
 - Nenas e adolescentes que viven en situacións sociais ou económicas difíciles, analfabetas ou cun nivel educativo limitado.

- Nenas e adolescentes cun baixo grao de madurez ou que presentan unha capacidade cognitiva diminuída, así como aquelas que sofren unha discapacidade intelectual ou presentan problemas de saúde mental, pois adoitan ser mais facilmente captadas e sometidas a unha situación de trata.
- Nenas e adolescentes sometidas e explotadas a partir dunha adicción.
- Nenas e adolescentes con altos niveis de absentismo escolar.
- Nenas e adolescentes con falta de escolarización.
- Nenas e adolescentes que conviven con persoas ás que non coñecen.
- Nenas e adolescentes que manifestan problemas para comunicárense libremente con familiares ou as súas amizades.

■ **Ámbito dos medios de comunicación**

1. Presentar a trata con fins de explotación sexual como un tipo de violencia de xénero: recoméndase profundar nas motivacións culturais, sociais e económicas que perpetúan o fenómeno da prostitución e, polo tanto, da trata con fins de explotación sexual. E aconséllase tratar o tema da prostitución de forma transversal, como un fenómeno social diverso, heteroxéneo e multicausal, contextualizando a información.
2. Poñer o foco no sistema, e non nas vítimas: é fundamental que as informacións relacionadas coa trata con fins de explotación sexual poñan o foco no sistema que promove que continúe e se perpetúe esta vulneración dos dereitos humanos. A trata con fins de explotación sexual é a expresión máis grave da mercantilización dos corpos das mulleres, froito dunha estrutura capitalista e patriarcal. Seguindo a lóxica mercantilista, sen demanda de prostitución non habería trata con fins de explotación sexual. Recoméndase dar visibilidade ás relacións de poder e de desigualdade de xénero que interveñen na prostitución: desigualdade económica entre homes e mulleres, educación afectivo sexual, cousificación do corpo feminino etc.
3. Respetar a intimidade das mulleres superviventes de trata con fins de explotación sexual, moitas das mulleres que foron vítimas de trata con fins de explotación sexual non se queren expoñer publicamente contando o seu caso por diversas razóns, entre elas:

- Moitas non se recoñecen como vítimas de trata con fins de explotación sexual.
- Non queren facer pública a súa experiencia persoal por vergonza.
- Teñen medo a ser recoñecidas polos seus explotadores e sufrir as consecuencias.
- Teñen medo a ser recoñecidas na súa contorna e sufrir illamento social.
- Teñen medo a seren devoltas ao seu país de orixe.

Solicitar a aprobación das mulleres para difundir a súa identidade e imaxe. As imaxes forman parte do dereito á identidade e constitúen datos persoais protexidos pola Lei de protección de datos. Ademais, a publicación da súa imaxe sen consentimento pode supoñer consecuencias devastadoras na súa vida privada.

4. Respetar a dignidade e liberdade das mulleres que exercen a prostitución: Evitar a identificación de grupos e colectivos concretos coa prostitución, eliminando calquera tipo de estigmatización. E non facer alusión ao exercicio da prostitución cando unha muller que a exerce sexa protagonista dalgún outro feito que non garde relación coa prostitución.
5. É importante contextualizar o fenómeno da prostitución como un tema de alcance global con importantes implicacións económicas: a actividade ocupa o terceiro lugar en volume de negocio do mundo, despois do tráfico de drogas e de armas.
6. Facer visibles as persoas que se lucran, así como os usuarios que a fan posible: débese retirar o foco mediático das mulleres que exercen a prostitución e facer visibles os homes que a consomen, así como o resto de axentes que se lucran e que delinquen.
7. Recomendacións con respecto á linguaxe:
 - Referirse ás mulleres como «superviventes» e non «vítimas»: recoméndase utilizar o termo «víctima» só nos contextos xurídicos, pero non nos medios de comunicación, para non utilizar unha óptica paternalista.
 - Utilizar o termo «muller en situación de explotación sexual» e non «prostituta»: unha sobrevivente dunha situación de trata con fins de explotación sexual pode non sentirse cómoda se a denominan como prostituta, pola significación que esta palabra implica, xa que a prostitución non é ilegal, mentres que a trata de persoas con fins

de explotación sexual si supón un delito grave contra os dereitos humanos. Así que sería máis correcto falar de persoa en situación de explotación sexual.

- Utilizar o termo «explotación sexual infantil» e non «prostitución infantil», posto que cando se fala de persoas menores de idade o consentimento é irrelevante e, polo tanto, non hai posibilidade de prostitución, trátase de explotación sexual infantil.
- Utilizar o termo «trata de persoas» e non «trata de brancas»: o termo «trata de brancas» utilizábase cando a escravitude de persoas de cor negra era legal, polo que denominaba só o delito cometido por redes que secuestraban mulleres europeas e brancas para explotación sexualmente en países de Europa do leste, África e Asia. A partir da abolición da escravitude prohibese a explotación de seres humanos, independentemente da súa raza, etnia ou orixe, polo que o termo que se utilice deberá ser o xenérico de trata de persoas.
- Non confundir a trata co tráfico de persoas, posto que son delitos distintos (ver o apartado «As diferenzas da trata e o tráfico» nesta mesma guía).

Anexo I. Recursos de consulta

■ Protocolos e instrumentos legais

Protocolo de actuación institucional sobre adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual Xunta de Galicia.

<http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/protocolo-fiscalia2012asinadook.pdf>

Apoiando as vítimas de trata. As necesidades das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual dende a perspectiva das entidades especializadas e profesionais involucradas. Proposta para a sensibilización contra a trata. Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero.

https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/estudios/investigaciones/2015/estudio/Apoyando_Victimas_Trata.htm

Actuacións para a detección e atención de vítimas de trata de seres humanos (TSH) Menores de idade.

https://observatoriodelainfancia.mdsocialesa2030.gob.es/productos/pdf/Anexo_Protocolo_Marco_Menores_Victimas_TSH_aprobado_por_Pleno1_12_2017.pdf

Protocolo marco de protección das vítimas de trata de seres humanos, adoptado mediante acordo do 28 de outubro de 2011 polos ministerios de Xustiza, do Interior, de Emprego e Seguridade Social e de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a Fiscalía Xeral do Estado e o Consello do Poder Xudicial.

<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/va/otrasFormas/trata/normativa-Protocolo/marco/home.htm>

Plan estratéxico nacional contra a trata e a explotación de seres humanos 2021-2023. Ministerio do Interior.

https://observatorioviolencia.org/wp-content/uploads/PEN_Trata_Explotacion.pdf

■ **Guías, estudos e investigacións**

Informe: estudo exploratorio da trata de persoas en Galicia. Xunta de Galicia.
<http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe-estudo-exploratorio-da-trata-de-persoas-en-galicia.pdf>

Trata de mulleres con fins de explotación sexual en España. Estudo exploratorio. Federación de Mujeres Progresistas.
<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/otrasFormas/trata/datosExplotacionSexual/estudios/DOC/EstudioTrataFederacionMujeresProgresistas.pdf>

Guía básica para a identificación, derivación e protección das persoas vítimas de trata con fins de explotación sexual. Red Española contra la Trata de Personas.
http://www.cruzroja.es/pls/portal30/docs/PAGE/2006_3_IS/BIBLIOTECA/GUIA%20BASICA%20PARA%20LA%20IDENTIFICACION%20Y%20DERIVACION%20DE%20VICTIMAS%20DE%20TRATA.PDF

■ **Outras guías de recomendacións para o tratamento da trata nos medios de comunicación**

Guía para a abordaxe do fenómeno da trata con fins de explotación sexual nos medios de comunicación. Recomendacións. Médicos do Mundo e Gobierno de Aragón.
https://www.aragon.es/documents/20127/674325/guia_trata_medios.pdf/18085de2-e2c3-e818-301f-aa73443f77b2

O tratamento da prostitución e a trata con fins de explotación sexual nos medios de comunicación. Recomendacións. Ajuntament de Barcelona.
<https://ajuntament.barcelona.cat/dretssocials/sites/default/files/arxius-documents/recomanacion-prostitucio-es-ok-acc.pdf>

10 recomendacións para informar sobre trata con fins de explotación sexual desde o dereito de asilo. Comisión de Ayuda al Refugiado de Euskadi (CEAR).
<https://www.cear.es/wp-content/uploads/2020/02/Decalogo-trata.pdf>

Anexo II. A onde acudir?

A continuación, facilitamos información sobre os organismos da Administración pública e entidades que prestan atención e apoio ás mulleres en situación de trata.

■ Recursos da Administración pública en Galicia de atención a vítimas de trata con fins de explotación sexual

Esta relación de organismos da Administración pública non pretende ser exhaustiva, senón facilitar de modo áxil o contacto sobre os organismos de atención e apoio ás mulleres en situación de trata. Para ver a relación completa de recursos existentes en Galicia no eido da violencia de xénero pódese consultar a Guía de recursos fronte á violencia de xénero en Galicia, que concentra nunha única ferramenta a descrición dos servizos e programas e os contactos das entidades que na nosa comunidade autónoma integran a rede de apoio a vítimas. Podes ver o documento aquí: http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/guia_recursos_violencia_interactiva.pdf.

Teléfono da Muller: 900 400 273

O Teléfono da Muller é un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día, desde calquera teléfono fixo ou móbil, e con cobertura para toda a comunidade autónoma. Responde nel un equipo multidisciplinar coordinado con diferentes equipos profesionais de toda Galicia.

Neste enderezo atoparás máis información sobre o recurso:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/content/telefono-da-muller>.

Centros de Información á Muller (CIM)

Son recursos permanentes en máis de 80 concellos galegos, a partir dos cales se artella unha intervención global dirixida ás mulleres.

Contan con profesionais especializadas e prestan atención **presencial**.

Ofrecen asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional ou sociolaboral, así como calquera outra información dirixida a conseguir unha igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Neste enderezo electrónico accedes aos datos de contacto de cada CIM:
<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/centros-de-informacion-mulleres>.

Tamén podes contactar cos teléfonos 981 957 691 ou 981 545 351.

Oficinas de atención á vítima e á cidadanía

Servizo orientado a facilitar información sobre a identificación, situación e competencia de calquera órgano ou servizo xudicial, así como a responder ás demandas concretas de información sobre competencia dos órganos, procedementos, trámites, requisitos e documentación do sistema xurídico.

En concreto, en materia de violencia de xénero, ofrecerán información e asesoramento sobre recursos existentes a nivel xurídico e social, así como sobre o dereito a asistencia xurídica gratuíta.

Contan ademais con persoal especializado do ámbito da psicoloxía e do traballo social.

Podes buscar as oficinas na seguinte ligazón:

https://www.xunta.gal/servizos-no-mapa?map=violencia_xenero

Forzas e corpos de seguridade

Profesionais das forzas e corpos especializados que poden valorar a situación e o risco da vítima de trata.

Teléfono de atención gratuíta: 900 105 090.

Policía Nacional

Teléfono de contacto: 900 10 50 90 / Correo-e: trata@policia.es

Garda Civil

Correo electrónico: trata@guardiacivil.org

RUMI

Rexistro Unificado de Maltrato Infantil, instrumento que permite unha primeira valoración do caso e actuar con rapidez e efectividade ante calquera indicio. Este instrumento está implementado nos sistemas policial, educativo, sanitario e servizos sociais.

O acceso realízase a través da web <http://rumi.benestar.xunta.es/rumi/> mediante un código de usuario e contrasinal.

No caso de non poder acceder, os equipos profesionais destes ámbitos poden dirixirse a proteccionmenores@xunta.gal.

■ A rede galega contra a trata

A Rede Galega contra a Trata xorde no ano 2008 co fin de ser un instrumento de coordinación entre as organizacións integrantes da rede, sensibilizar os axentes sociais implicados nesta vulneración dos dereitos humanos e problemática social, e de ser unha plataforma asemblearia de denuncia e incidencia política na loita contra a trata de persoas.

Os obxectivos prioritarios da Rede son:

- Coordinar e cooperar entre as organizacións e persoas integrantes da Rede co fin de reflexionar, aprender e mellorar as estratexias de intervención social na detección, protección e asistencia de vítimas de trata.
- Promover a formación interna das organizacións e externa dos axentes sociais implicados para divulgar, sensibilizar e dar visibilidade á realidade da trata por medio de xornadas, congresos, publicacións etc.
- Facer un seguimento da aplicación da lexislación existente en materia de trata de persoas, evitando a impunidade e garantindo a protección e dereitos das vítimas, denunciando o seu incumprimento.
- Contribuír á creación de propostas e estratexias na loita contra a trata de seres humanos e a súa posterior avaliación mantendo un diálogo permanente coas administracións públicas.
- Impulsar un rexistro de vulneracións de dereitos humanos das persoas vítimas de trata a través da documentación de casos.

Actualmente, está formada por 11 entidades sociais, que son:

- Fundación Amaranta (Ourense)
- Asociación Faraxa (Vigo)
- Aliad-Ultreia (Lugo)
- Médicos do Mundo Galicia
- Ecos do Sur
- Fiat Gratia
- Cáritas Diocesana Ourense. Programa Alumar
- Accem Galicia
- Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela-Oblatas Programa Vagalume
- Oblatas Ferrol
- Cáritas Diocesana Lugo

■ Entidades sociais en Galicia de atención a vítimas de trata con fins de explotación sexual

ACCEM

San Pedro de Mezonzo. A Coruña
Praza de José Toubes, 1-2.º
Tel. 981 168 897
www.accem.es / galicia@accem.es

Ecos do Sur (A Coruña)

Avenida de Finisterre, 109, baixo
Tel. 881 965 692 / 698 127 669
www.ecosdosur.org
afrodita@ecosdosur.org

HH. Oblatas de Ferrol.

Proyecto O Mencer

R/ Espartero, 51
Tel. 981 358 562
oblatasferrol@gmail.com

Oblatas/Cáritas Diocesana Santiago de Compostela. Programa Vagalume

R/ Loureiros, 3, baixo
Tel. 981 585 515 / 627 40 48 14 (24h)
www.caritas-santiago.org
www.programavagalume.org
vagalume.cdsantiago@caritas.es

Cáritas Diocesana de Ourense. Programa Alumar

Praza de Eironciño dos Cabaleiros, 5-1
Tel. 988 244 650
www.caritasourense.org
alumar@caritasourense.org

Cáritas Diocesana de Lugo.

Área de Muller

Rúa da Cruz, 1
Tel. 982 242 009
www.caritaslugo.es

Médicos do Mundo Galicia

Santiago de Compostela
R/ Galeras, 13 2.º Local 6-7
Tel. 981 578 182
www.medicosdelmundo.org
galicia@medicosdelmundo.org

Fundación Amaranta (Ourense)

Tel. 680 107 945
www.fundacionamaranta.org
ourense@fundacionamaranta.org

Aliad - Ultreia (Lugo)

R/ Milagrosa, 99
Tel. 982 251 948
www.aliad.org / muller@aliad.org

Asociación Faraxa (Vigo)

Ronda de Don Bosco, 18 -1
Tel. 986 132 068 / 622 335 266
www.faraxa.com
asociacion@faraxa.com

Fiet Gratia

Tel. 681 059 834
www.fietgratia.org
helga.pitaromero@fietgratia.org

Bibliografía

- CASADO-NEIRA, D.; PÉREZ FREIRE, S. (2015): «Sexo, masculinidades y las víctimas expiatorias. Las mujeres en contexto de prostitución en los medios: la mirada desde las ONG», en *Revista Internacional de Comunicación y Desarrollo*, 2, pp. 25-40.
- CORTES GENERALES, GOBIERNO DE ESPAÑA (2007): *Informe ponencia: La prostitución*. Madrid: Congreso de los Diputados.
- CENTRO DE INVESTIGACIONES SOCIOLOGICAS (2009): *Encuesta Nacional de Salud Sexual*. Madrid: CIS.
- DEFENSOR DEL PUEBLO (2012): *La trata de seres humanos en España: víctimas invisibles*. Madrid: Defensor del Pueblo.
- GARCÍA CUESTA, S.; LÓPEZ SALA, A. M. (2011): *Poblaciones-Mercancía: Tráfico y Trata de Mujeres en España*. Madrid: Ministerio de Sanidad, Política social e Igualdad.
- MERCOSUR (2012): *Guía Atención a Mujeres en situación de Trata con fines de explotación sexual*. Brasilia: Mercosur.
- PÉREZ FREIRE, S. (2016): «Prostitución en Galicia: migracións e xénero», *Ser inmigrante en tempos de crise. Unha ollada multidisciplinar*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 71-94.
- (2013): *Estudo exploratorio da trata de persoas en Galicia*. Bruselas, Santiago de Compostela: International Center for Migration Policy Development (ICPMD), Xunta de Galicia.
- RECTP (2015): *Informe de la Red española contra la trata de personas para la coordinadora europea de lucha contra la Trata*. Madrid: Red Española contra la trata de personas.
- ROPERO CARRASCO, J.; RUILOBA ALVARIÑO, J. (2012): «Explotación sexual y prostitución. Paradojas e hipocresías que impiden la protección de las víctimas», en *Revista de los investigadores del instituto de investigaciones jurídicas*, 25, 87-109.
- SAVE THE CHILDREN (2010): *Materiales informativos para profesionales en contacto con niño, niñas y adolescentes víctimas de trata*. Madrid: Save the Children.
- UNODC (2009): *Informe Mundial sobre la trata de personas. Resumen ejecutivo*. Viena, Nueva York: Naciones Unidas.
- (2020): *Global Report on Trafficking in Persons 2020*. Naciones Unidas.

WOMEN'S LINK WORLDWIDE (2013): *La trata y la explotación en Colombia. No se quiere ver, no se puede hablar*. Colombia: Women's Link Worldwide.

FUNDACIÓN FERNANDO POMBO Y ASOCIACIÓN TRABE (2019): *Trata de seres humanos con fines de explotación sexual: Un estudio jurídico comparado sobre la detección e identificación de las víctimas*. Madrid: Universidad Carlos III.

FUNDACIÓN ABOGACÍA ESPAÑOLA. Detección y defensa de víctimas de trata. Guía práctica para la abogacía.

